

Marta M^a Riobó Ibañez, secretaria delegada do Consorcio do Casco Vello de Vigo

CERTIFICO:

Que o Comité executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo na sesión ordinaria do día trinta e un de maio de dous mil doce, por unanimidade dos seus membros adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que a continuación se transcribe en relación co seguinte asunto:

Adxudicación da execución das obras de construción dos inmobles dos números 33 e 35 da rúa Ferrería

Primeiro.- Declarar admitidas todas as ofertas presentadas. Ditas ofertas foron presentadas polas seguintes empresas: 1 DICSA, 2 DICONSA, 3 COPCISA, 4 UTE ALDASA- ANTALSIS, 5 OREGA, 6 EXTRACO , 7 AGRUPCONSA S.L. , e 8 UTE MOVEXVIAL S.L.-SAN MARTIN S.A.

Segundo.- Admitir a a retirada da oferta formulada pola UTE MOVEXVIAL S.L.-SAN MARTIN S.A.

Terceiro.- Declarar excluída da clasificación decrecente de ofertas, a formulada pola empresa OREGA S.L. por considerar que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados.

Cuarto.- Adxudicar á empresa DECORACION, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES S.A. UNIPERSONAL (DICSA), CIF: A-36.011.047, e enderezo no Polígono Industrial do Campiño, calle 2, parcela B-62, CP 36158 de Marcón (Pontevedra), a execución das obras de rehabilitación dos edificios da rúa Ferrería 33-35 en Vigo, nas condicións ofertadas pola empresa e que quedaron de manifesto na propia oferta e no acordo de selección da empresa mais vantaxosa polo órgano de contratación, Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, sendo as condicións mais relevantes da adxudicación as seguintes:

Importe da adxudicación: Catrocentos sesenta e seis mil douscentos tres euros con setenta céntimos de euro, (466.203,70€). A esta cantidade engadiráselle o IVE do 8%, o que supón un importe de trinta e sete mil douscentos noventa e seis euros con trinta céntimos de euro (37.296,30 €) o que fai un total de cincocentos tres mil cincocentos euros (503.500,00€).

Prazo de execución : once meses (11 MESES) .

Prazo de garantía: Ofertou un incremento de 84 meses o que fai un total de 108 meses.

Plan de mantemento con presenza física, 108 meses.

Plan de mantemento integral, 108 meses.

Control de calidade, ofertou un incremento do 2% o que fai un total do 3% do tipo de licitación.

A resolución de adxudicación será publicada no perfil de contratante, así como notificada directamente ao adxudicatario e aos restantes licitadores.

E para que así conste e surta os seus efectos, expido a presente coa advertencia dos artigos 27.5 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992 e 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións locais de 28 de novembro de 1986, a reserva dos términos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Vigo, a un de xuño de dous mil doce.

Vº e Pr.

A presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo

CONSORCIO
CASCOVELLO
DE VIGO